REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 13.06.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 13 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

1.1 9290 (10/PNC-000970)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a cobertura pola Xunta de Galicia das deficiencias e carencias existentes no Centro de Saúde de Marín
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017

1.2 29859 (10/PNC-002389)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas maiores que viven soas e a oferta de lecer para as maiores de 65 anos, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co Real decreto 1079/2017, a Lei 27/2011, o Real decreto lei 5/2013 e o Real decreto lei 3/2012
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018

1.3 30505 (10/PNC-002455)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas derivados do uso do dispositivo intrauterino Essure
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018

1.4 30733 (10/PNC-002471)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a modificación que debe introducir o Goberno galego na actual orde de axudas da tarxeta Benvida, así como nas dos vindeiros anos, na data de inicio do prazo para a presentación das solicitudes nos casos de adopción internacional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018

1.5 30996 (10/PNC-002494)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a

PARLAMENTO DE GALICIA

reversión da concesión e a asunción polo Sergas da xestión íntegra e directa do novo hospital de Vigo, así como para solucionar o conflito laboral xerado en relación coa retirada das bolsas da roupa sucia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

1.6 31356 (10/PNC-002536)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal e o horario de funcionamento do Centro de Saúde de Cambados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 13.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 13.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 9290(10/PNC-000970)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a cobertura pola Xunta de Galicia das deficiencias e carencias existentes no Centro de Saúde de Marín

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 17:04
Nº Rexistro: 9290
Data envio: 18/05/2017 17:04:23.269

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández e** do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Exposición de motivos

Segundo recolle a publicación do Faro de Vigo o 26 de outubro de 2016, o Presidente da Xunta de Galicia, salientaba sobre o Centro de Saúde de Marín que era "un dos mais completos de Galicia", definindo o mesmo como un "pequeno hospital sen hospitalización" xa que presta asistencia hospitalaria completa en horario continuado a través do PAC.

Con todo, seis meses despois da súa apertura, dito centro de saúde ten unhas deficiencias que serían perfectamente solucionables si existise vontade política de compromiso coa sanidade pública.

As deficiencias do centro son as seguintes:

1. Telerradioloxía. A posibilidade de facer os estudos radiolóxicos simples no Centro, melloraría a equidade e accesibilidade da poboación aos servizos sanitarios, evitando desprazamentos a Pontevedra.
2. Déficit de equipamento. O centro non conta cun monitor desfibrilador, ten dúas caixas fortes que non están instaladas e son necesarias para garda fármacos psicotrópicos e estupefacientes, a calefacción e a auga quente fallan e os dispensadores de xabón están oxidados e non funcionan.
3. Base da ambulancia. A necesidade de situar a base da ambulancia do 061 no propio Centro, o que melloraría os tempos de actuación e asistencia no caso de que fose preciso medicalizar a ambulancia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 17:04
Nº Rexistro: 9290
Data envio: 18/05/2017 17:04:23.269

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

4. Prazas:
   - So hai unha praza de fisioterapeuta que pasa consulta, o que provoca unha lista de espera de tres meses e un ximnasio sen utilizar.
   - A praza dun doutor sen cubrir, por xubilarse o anterior e estar o actual de baixa, sendo asignados os pacientes aleatoriamente a outros cupos, coa consecuencia de perder o seguimento e coñecemento dos mesmos que ten o médico de familia.
   - Non hai farmacia, o que provoca desprazamentos a Pontevedra, Centro de Saúde de A Parda ou ben o Centro de Saúde de Bueu.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a cubrir as deficiencias do Centro de Saúde de Marín explicadas anteriormente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández, Asdo.: Antón Sánchez García

Deputada do G.P. de En Marea Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 17:04
Nº Rexistro: 9290
Data envio: 18/05/2017 17:04:23.269

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Eva Solla Fernández na data 18/05/2017 17:03:37

Antón Sánchez García na data 18/05/2017 17:03:44

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 13.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 29859(10/PNC-002389)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas maiores que viven soas e a oferta de lecer para as maiores de 65 anos, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co Real decreto 1079/2017, a Lei 27/2011, o Real decreto lei 5/2013 e o Real decreto lei 3/2012

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29859
Data envio: 23/04/2018 14:17:35.126

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza o 24,63% da poboación (665.939 habitantes) son persoas maiores de 65 anos, chegando ao 30% nas provincias de Ourense e Lugo, o que as sitúa entre as 10 rexións máis envellecidas da Unión Europea, segundo datos da axencia Eurostat. Destas 665.939 persoas, 24.500 teñen 85 anos ou máis e, á súa vez, destas 22.300 son mulleres e só 2.300 son homes.

Segundo o INE, de algo máis de un millón de fogares rexistrados en Galiza, viven soas un total de 121.500 persoas maiores de 65 anos e o número non deixa de medrar ano a ano. Do 2016 ao 2017 aumentou un 9,6% e, segundo as proxeccións do INE, en 2031 un de cada tres fogares galegos estará formado por unha soa persoa, chegándose aos 347.000.

Dende unha perspectiva de xénero, dos 121.500 fogares habitados por unha persoa de 65 o máis anos, 82.000 están habitadas por unha muller e 39.500 por homes.

A maior parte destas persoas maiores de 65 anos que viven soas residen nas cidades de Pontevedra, Vigo, Ourense e Coruña (un total de 65.000) e nas vilas de máis de 20.000 habitantes onde o número de persoas anciás que viven soas pasou de 29.000 en 2016 a 41.500 en 2017. En poucos anos o rural quedará despoboado e nas cidades a maioría das vivendas serán unipersoais.

Cada ano, centos destas persoas maiores morren soas nas súas vivendas en

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29859
Data envio: 23/04/2018 14:17:35.126

Galiza, nun fenómeno ao que Xapón bautizou como 'kodokushi': persoas anciás que morren soas nas súas casas sen que nin a familia nin a veciñanza se decaten durante días ou semanas.

O maxistrado Joaquim Bosch Grau denunciou que, como xuíz de garda, cada vez é máis normal encontrarse con cadáveres de persoas anciás que levan varios días mortas, en avanzado estado de descomposición.

José Luis Gómez, xefe da sección de Patoloxía Forense do Imelga en Vigo, recoñece o aumento dos casos de persoas maiores que morren en soidade nos seus domicilios e pasan días ata que se descubre o cadáver.

A soidade das persoas maiores é consecuencia directa das dificultades para a conciliación laboral e familiar das súas familias, dos incumprimentos e atrasos na concesión de axudas á dependencia, da falta de actividades para maiores e das pensións de miseria, así como dun modelo social que favorece o individualismo e disgrega as comunidades.

O sindicato de Técnicos del Ministerio de Hacienda (Gestha) estima que o 32,6% das persoas pensionistas cobra menos dos 8.200 euros que delimitan o limiar da pobreza.

Galiza é a segunda Comunidade Autónoma coa pensión de xubilación media máis baixa do Estado (788,49 euros, só por diante de Estremadura e a 143,8 euros da media estatal), segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e a que ten máis prestacións de xubilación inferiores ao salario mínimo interprofesional, o 56%.

Dende unha visión de xénero, o 60,4% das persoas pensionistas que perciben pensións por debaixo do limiar da pobreza son mulleres. O periodista Juan Oliver retrata a situación nun dos seus artigos: “Se a desigualdade de sexos en España tivera rostro, este sería o dunha muller galega e pensionista. Porque ese é o perfil das persoas peor tratadas polo sistema económico e o de quen percibe non só as

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29859
Data envio: 23/04/2018 14:17:35.126

rendas máis baixas do país, senón tamén as máis desiguais".

En Galiza a pensión media dos homes é de 982 euros mensuais, mentres que a das mulleres non chega aos 623 euros, un 37% menos. Se o reducimos á pensión de xubilación, a mensualidade dun galego ascende a 1.069 euros, e o dunha galega queda nos 669, case un 63% menos.

Así, no noso país a vellez é sinónimo de pobreza, de soidade, de falta de actividades e de escaseza de servizos mentres a mocidade emigra en busca de oportunidades de futuro que non a condenen, como ás xeracións precedentes, a morrer sos e na miseria.

Polo exposto, O Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Elaborar, antes de 2018, un Protocolo específico de Atención ás persoas maiores que viven soas que coordine as actuacións de todos os servizos públicos e institucións implicadas na materia.

2. Estender o servizo de HADO de xeito que se garanta a cobertura en todo o territorio.

3. Estender o servizo de Axuda a Domicilio de xeito que se garanta a cobertura en todo o territorio e o aumento do tempo de atención a cada persoa usuaria.

4. Instar ao Estado a derrogar o Real Decreto 1079/2017, de 29 de decembro, sobre revalorización de pensións de Clases Pasivas, das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2018, garantindo un incremento mínimo do IPC e unha pensión mínima igual ao SMI.

5. Instar ao Estado a derrogar a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29859
Data envio: 23/04/2018 14:17:35.126

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

6. Instar ao Estado a derrogar o Real Decreto-lei 5/2013, de 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo.

7. Instar ao Estado a derrogar o Real Decreto-lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma del mercado laboral.

8. Incrementar a oferta de lecer para as persoas maiores de 65 anos.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,
Deputada do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/04/2018 14:14:10

Luis Villares Naveira na data 23/04/2018 14:14:22

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 13.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 30505(10/PNC-002455)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas derivados do uso do dispositivo intrauterino Essure

Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 13:20
Nº Rexistro: 30505
Data envio: 04/05/2018 13:20:24.424

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

Essure é un sistema anticonceptivo de dispositivo dinámico, formado por pezas de níquel-titanio, polietilentereftalato, poliéster e acero inox, que se introduce nas trompas de falopio a través do útero.

A Plataforma Española de Afectadas por Essure apunta a que son preto de 80.000 mulleres en toda España ás que lle foi implantado este sistema dende 2003. A existencia de numerosos problemas con este sistema levou a moitas mulleres a demandar a súa retirada. No ano 2015 o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade informaron de 240 solicitudes, aumentando a cifra nestes anos segundo distintas asociacións de pacientes pero sen datos oficiais ao respecto, tampouco de maneira desagregada para Galicia.

Nos casos específicos de Galicia, os colectivos de mulleres afectadas veñen demandando unha mellor atención por parte do sistema, apuntando á necesidade de dotar de maiores medios para mellorar a capacidade asistencial e de tratamento. Son demandadas outras cuestións, como o acceso ao historial clínico, apuntando problemas na xestión destas solicitudes.

A Sociedad Española de Ginecología y Obstetricia (SEGO) ten elaborado un protocolo específico de actuación ante os casos de mulleres que refiren problemas co Essure, que aporta indicacións sobre a necesidade de desenvolver circuítos hospitalarios axeitados para facilitar o tratamento rápido e efectivo, os distintos procedementos de retirada no caso de ser necesario, os dereitos das pacientes e a necesidade de seguimento do tratamento.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 13:20
Nº Rexistro: 30505
Data envio: 04/05/2018 13:20:24.424

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe sobre a estimación de casos afectados pola utilización do sistema Essure en Galicia e a recompilación de información sobre os xa coñecidos a través do Sergas.

2. Elaborar un protocolo de actuación ante os problemas detectados pola utilización do sistema Essure, referenciando na medida do posible aos profesionais máis indicados para atender os casos que sexan precisos en Galicia, e tomando como referencia a guía elaborada pola Sociedad Española de Ginecología y Obstetricia (SEGO).

3. No caso de que o número de casos sexa elevado, establecer na rede hospitalaria do Sergas unha unidade de atención específica, para o tratamento das mulleres afectadas.

4. Dotar dos medios humanos e materiais necesarios aos distintos centros sanitarios de Galicia para garantir a maior calidade e seguridade para as mulleres no protocolo de retirada do Essure.

5. Facilitar ás mulleres afectadas o seu acceso ao seu historial clínico.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 13:20
Nº Rexistro: 30505
Data envio: 04/05/2018 13:20:24.424

Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 04/05/2018 13:16:33

María Luisa Pierres López na data 04/05/2018 13:16:40

Noela Blanco Rodríguez na data 04/05/2018 13:16:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/05/2018 13:16:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 13.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 30733(10/PNC-002471)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a modificación que debe introducir o Goberno galego na actual orde de axudas da tarxeta Benvida, así como nas dos vindeiros anos, na data de inicio do prazo para a presentación das solicitudes nos casos de adopción internacional

Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 12:57
Nº Rexistro: 30733
Data envio: 09/05/2018 12:57:23.857

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A tarxeta benvida é unha axuda económica para as familias que teñan un/unha fillo/a, adopten ou estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena. Con carácter xeral, a contía total da axuda será de 1.200 euros a razón de 100 euros/mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla. Esta axuda faise efectiva a través da tarxeta Benvida, a cal só poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.
Segundo se reflicte na propia páxina web da Consellería de Política Social:

"Poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen nun dos seguintes supostos:
a) Ter fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nadas/os entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.
b) Estar en situación de garda con fins adoptivos dun ou máis nenos/as nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados dende o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento, ou se dita a resolución administrativa ou xudicial para os supostos de garda con fins adoptivos e de adopción".

En moitos casos quedan fóra destas axudas os nenos e nenas que chegan a Galicia a través dunha adopción internacional, porque é practicamente imposible que o nacemento e a resolución, debido aos

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 12:57
Nº Rexistro: 30733
Data envio: 09/05/2018 12:57:23.857

trámites que levan implícitos, coincidan no mesmo ano. Mais cando a efectos xurídicos, sociais, civís e administrativos, a data da resolución definitiva marca para todas as administracións o nacemento de todas as obrigacións legais que leva a adopción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar a actual orde de axudas da tarxeta benvida, así como que se recolla nas dos vindeiros anos, que nos casos de adopcións se teña en conta a efectos desta axuda a data da resolución administrativa, e non como ata o de agora a de nacemento.

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 09/05/2018 12:36:36

Julio Torrado Quintela na data 09/05/2018 12:36:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/05/2018 12:36:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 13.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 30996(10/PNC-002494)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reversión da concesión e a asunción polo Sergas da xestión íntegra e directa do novo hospital de Vigo, así como para solucionar o conflito laboral xerado en relación coa retirada das bolsas da roupa sucia

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 17:43
Nº Rexistro: 30996
Data envio: 15/05/2018 17:43:18.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás reivindicacións dos TCAEs do Novo Hospital de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión do Partido Popular de construír o Novo Hospital de Vigo polo modelo chamado eufemisticamente, colaboración Público Privada non só converteu á concesionaria na responsábel do proxecto de construción senón que supuxo cederlle á mesma a explotación e a xestión de moitos dos servizos do NHV. Converteuse en propietaria do Hospital durante os 20 años da concesión. Convértese na que toma as decisións. Dentro deses servizos está a limpeza e a lavandería, que todo indica pretende realizar sen a dotación de persoal suficiente, coa intención que pasen os TCAE a realizar parte das labores que realizaban persoal de limpeza, en concreto o traslado das bolsas da roupa sucia dende a porta das habitacións.

Diante desta situación o Sergas na vez de esixir a realización destas tarefas á empresa e que esta teña a dotación de persoal precisa, toma a decisión de sobrecargar aínda máis ao seu propio persoal, creando deste xeito un máis que xusto conflito.

O BNG esíxelle rectificación ao Sergas, que deixe de protexer á empresa concesionaria e pase a defender ao seu persoal, xa está ben que a prioridade sexa o

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 17:43
Nº Rexistro: 30996
Data envio: 15/05/2018 17:43:18.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

negocio e o lucro para a empresa e o gasto e o traballo a costa do orzamento público e do persoal.

Xa é tempo de que o PP e a Xunta abandonen a submisión coa concesionaria e empecen a defender os interesen dos galegos e galegas. Resulta indecente que despois dunha concesión millonaria que nos está a costar millóns de euros, asistamos continuamente a situacións como a do conflito que estamos a vivir c@s TCAEs no NHV.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Abandonar a submisión coa concesionaria do NHV, deixar de protexer os seus intereses e empezar a defender os interesen dos galegos e galegas, e inicie todas as actuacións para que o hospital reverta á Sanidade Pública Galega e sexa xestionado íntegra e directamente polo SERGAS.

-Que abandone a política de confrontación e pase a unha de diálogo C@S TCAE do NHV.

-Que proceda á retirada dos expedientes sancionadores iniciados e se absteña de iniciar novos @s profesionais polo conflito xerado no NHV pola discrepancia competencial no traslado das bolsas de roupa sucia?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 17:43
Nº Rexistro: 30996
Data envio: 15/05/2018 17:43:18.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que toda vez que os servizos de limpeza e lavandería corren por conta da empresa concesionaria, que esta asuma o traslado das bolsas de roupa sucia como realizan todas as concesión, coa dotación de persoal suficiente para realizar a tarefa."

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2018 17:41:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/05/2018 17:41:54

Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2018 17:41:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 17:43
Nº Rexistro: 30996
Data envio: 15/05/2018 17:43:18.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2018 17:41:56

Xosé Luis Bará Torres na data 15/05/2018 17:41:58

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2018 17:42:05

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 13.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 31356(10/PNC-002536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal e o horario de funcionamento do Centro de Saúde de Cambados

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31356
Data envio: 24/05/2018 18:21:04.183

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar no centro de saúde de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como "a porta de entrada", como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do estabelecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Non se trata de "casos puntuais" como queren facernos crer @s responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31356
Data envio: 24/05/2018 18:21:04.183

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Cambados responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

O Sergas está a implantar o que dá en chamar "intersubstitucións", que non é outra cousa que o escaso persoal que permanece no centro faga o traballo propio e o d@s que non están.

No verán de 2017 a Xunta tomou a decisión de dar un paso máis no deterioro da prestación do servizo ao pechar o centro de saúde en horario de tarde, decisión que este verán de 2018 pretende consolidar.

Esta decisión non ten xustificación. A demanda existente, tanto a ordinaria como a que se deriva das persoas desprazadas debida á época estival aumenta. A poboación non cambia os horarios da súa xornada laboral, na época estival segue precisando o horario de tarde. O peche non se publicita para tentar evitar as queixas das veciñas e veciños polo que son moitas as persoas que demandan atención en horario de tarde e ao non ter servizo desprazan a sobrecarga.

Prodúcese un aumento das persoas que acoden ao PAC, sobrecarga do resto do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de "redistribuír" a demanda asistencial, duplicar as citas... Unha sobrecarga asistencial brutal e un deterioro da calidade asistencial. Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31356
Data envio: 24/05/2018 18:21:04.183

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Que proceda a substituír ao persoal do Centro de Saúde de Cambados, tanto nas súas licenzas como vacacións.

Que realice todas as accións precisas para manter a asistencia sanitaria en horario completo de mañá e de tarde no centro de saúde de Cambados.

Que garanta a presenza de equipos completos de profesionais en todas as quendas do PAC do centro de saúde de Cambados."

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31356
Data envio: 24/05/2018 18:21:04.183

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2018 18:12:18

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2018 18:12:23

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2018 18:12:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2018 18:12:31

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2018 18:12:35

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2018 18:12:38